

PROXECTO LEADER

**BASES DA CONVOCATORIA PARA
A CONTRATACIÓN DE PERSOAL
DO GRUPO DE
DESENVOLVEMENTO RURAL
UTM23**

**GDR-23
PROGRAMA LEADER GALICIA
2007-2013**

I.-ANTECEDENTES

O Grupo de Desenvolvemento Rural UTM23 (en adiante, Asociación UTM23 ou GDR) constitúese o 13 de setembro de 2008, coa finalidade de ser núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais, económicos e calquera outro que poida emprender accións que favorezan o desenvolvemento local, xa sexan públicos ou privados, interesados en promover o desenvolvemento do ámbito territorial de actuación que abarca os concellos de ARZÚA, BOIMORTO, CURTIS, MELIDE, O PINO, SANTISO, SOBRADO, TOQUES, TOURO, VILASANTAR.

Para levar a cabo o seu obxecto e fins sociais, o Grupo de desenvolvemento rural UTM23 concorreu á convocatoria de AGADER, para a selección de Grupos de Desenvolvemento Rural como entidades colaboradoras na xestión do Programa LEADER Galicia 2007-2013. A Asociación UTM23 resultou seleccionada como GDR-23, segundo Acordo do Consello de Dirección de AGADER do 12 de xuño de 2009, polo que se resolve a segunda convocatoria de selección de programas de desenvolvemento rural e de Grupos de Desenvolvemento Rural, no marco do Programa Leader Galicia 2007-2013.

II.-BASES

BASE1: OBXECTO DA CONVOCATORIA

O Grupo de desenvolvemento rural UTM23, delegou na súa Xunta Directiva todas aquelas facultades necesarias para a selección e contratación de persoal da Asociación. Na mesma data, reunida a Xunta Directiva dispuxo a aprobación das bases que a continuación sinálanse, para a selección das persoas que, a través da súa contratación laboral por esta Asociación, poderán traballar no desenvolvemento e execución do Programa Leader.

O tipo de contrato será “por obra ou servizo determinado”, vinculado á xestión de fondos obtidos na execución do Programa LEADER pola Asociación UTM23.

Segundo o exposto, o Grupo de desenvolvemento rural UTM23 (GDR-23), por acordo da Xunta Directiva, dispuxo convocar as prazas ou postos de traballo que a continuación se relacionan, de conformidade coas seguintes bases reguladoras:

BASE 2: DESCRIPCIÓN DOS POSTOS E REQUISITOS

Perfil 1: Posto a cubrir: “XERENTE”

As características do posto de “Xerente” que se oferta, titulación, requisitos, retribución anual e funcións son as seguintes:

- Titulación requirida: Titulación Universitaria Superior
- Retribución bruta anual: 28.000 brutos anuais, que se distribuirán en 14 pagas. Duración: O contrato por obra ou servizo determinado terá a súa duración vinculada ao orzamento aprobado ao Grupo UTM23 para o programa Leader de Galicia 2007-2013. A duración do mesmo será ata finais do ano 2013, podendo prolongarse en función das dispoñibilidades orzamentarias, pero non máis alá do 31 de decembro de 2015. O período de proba será 6 meses.
- Xornada Laboral: completa, en dedicación exclusiva.
- Centro de Traballo: Sedes do GDR no territorio, indistintamente. O traballador terá que ter dispoñibilidade para traballar en calquera dos locais de que se dispoñan no territorio ámbito de actuación.

- Funcións a realizar:

- Consecución dos obxectivos marcados polos órganos de decisión do Grupo de desenvolvemento rural UTM23 para o desenvolvemento dos programas de desenvolvemento rural.
- Colaborar coas estruturas de desenvolvemento das Administracións Locais, Autonómicas, Estatais e se é o caso, comunitarias. Elaboración dos contidos para a documentación divulgativa do programa.
- Información e asesoramento técnico a persoas emprendedoras e empresas.
- Preparación e participación en reunións informativas sobre as características e requisitos esixidos polo programa.
- Preparación de reunións para colectivos determinados e con axentes dinamizadores do programa de desenvolvemento no territorio
- Asesoramento en relación ás necesidades de financiamento en proxectos empresariais no marco do proxecto LEADER
- Tramitación das axudas solicitadas ao LEADER
- Elaboración dos impresos oficiais correspondentes de tramitación dos proxectos LEADER.
- Preparar as memorias dos proxectos presentados ao LEADER
- Realización de estudos de mercado e plans de viabilidade sobre as iniciativas e proxectos vinculados ao Programa LEADER
- Confeccionar, antes de cada exercicio económico o anteproxecto de orzamento de ingresos e gastos, en función da execución do Programa LEADER e os programas complementarios a este, para a súa valoración pola Xunta Directiva. Inventario-Balance que reflexe con claridade e exactitude a situación patrimonial da entidade no relativo aos programas de desenvolvemento (Leader e complementarios).
- Memoria de xestión económica e das actividades realizadas ao longo do ano polo GDR, no Programa LEADER.
- Rexistro e arquivo de documentación.
- Rexistro contable das operacións do GDR.
- Elaboración dos peches contables
- Elaboración e rexistro dos libros contables do GDR
- Control da execución e desenvolvemento das iniciativas, cumprimento dos prazos, control de incidencias.
- Revisión “in situ” do seguimento dos proxectos.
- Coordinar os diferentes procesos nos que participe a Asociación e / ou os encomendados pola Presidenta ou a Xunta Directiva da Asociación UTM23 para o desenvolvemento de programas de desenvolvemento rural.

- Asesoramento en relación ás necesidades de financiamento en proxectos empresariais, enmarcado na execución do Programa LEADER.
- Impulsar a execución de proxectos e actuacións aprobadas dentro do Programa LEADER e dos programas complementarios a este.
- Impulsar o desenvolvemento de accións relativas á execución de proxectos europeos que a Asociación teña en marcha, sempre que sexan complementarios ao LEADER.
- Calquera outra tarefa, que dentro do ámbito do programa Leader e das súas competencias, lle sexan encomendada por a Xunta Directiva ou pola Presidencia do GDR

Requisitos mínimos:

- Ser español/a ou natural dun Estado membro da Unión Europea ou dalgún Estado no que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Ter cumpridos 18 anos e non acadar a idade de xubilación.
- Titulación Universitaria Superior (licenciatura ou enxeñaría) expedido por Centro Oficial debidamente recoñecido.
- Non desempeñar cargos electos na Asociación UTM23.
- Estar en posesión do permiso de conducir B e dispor de vehículo propio para realizar desprazamentos.
- Non padecer enfermidade ou secuela física que lle impida desempeñar as correspondentes funcións.
- Coñecemento acreditado da lingua galega mediante o curso de perfeccionamento ou estar en posesión dos títulos de Bacharelato e COU sen estar exento da materia de lingua galega nun centro da Comunidade Autónoma Galega, ou o CELGA 4

Perfil 2: Posto a cubrir: “TÉCNICO/A DE PROXECTOS”

Titulación requirida: Titulación Universitaria Superior

Retribución bruta anual: 26.000 brutos anuais, que se distribuirán en 14 pagas.

Duración: O contrato por obra ou servizo determinado terá a duración do Programa Leader de Galicia 2007-2013, non máis alá do 31 de decembro de 2015, con un período de proba de 6 meses.

Xornada Laboral: completa

Centro de Traballo: Sedes do GDR no territorio indistintamente. O traballador terá que ter dispoñibilidade para traballar en calquera dos locais de que se dispoñan no territorio ámbito de actuación.

Funcións a realizar:

- Información e asesoramento técnico a persoas emprendedoras e empresas.

- Animación para o nacemento de iniciativas e proxectos enmarcados no Programa LEADER.
- Dinamización de colectivos para á posta en marcha de proxectos en común.
- Impulsar o desenvolvemento de accións relativas á execución de proxectos europeos que o GDR teña en marcha, sempre que sexan complementarios ao LEADER.
- Colaborar na elaboración dos contidos para a documentación divulgativa do programa.
- Información a promotores de axudas alternativas ou complementarias ao programa.
- Asistencia a xornadas de formación e información, relacionadas coa execución dos programas.
- Traballo coordinado cos órganos de participación establecidos polo GDR para a poboación do territorio.
- Apoio á estrutura operativa do Programa
- Preparación e participación en reunións informativas sobre as características e requisitos esixidos polo programa
- Preparación de reunións para colectivos determinados e con axentes dinamizadores do programa de desenvolvemento no territorio.
- Sensibilización e dinamización de promotores para a formulación de proxectos innovadores.
- Desenvolvemento e participación nos proxectos de cooperación promovidos ou nos que participe o GDR no ámbito do LEADER ou complementarios ao mesmo.
- Asistencia ás reunións de traballo no marco dos proxectos de cooperación.
- Organización, participación e asistencia a feiras de promoción.
- Preparación das visitas e atención a grupos que acudan ao territorio a coñecer proxectos ou experiencias, no marco do proxecto Leader ou complementarios.
- Intercambios de experiencias con outros membros ou participantes noutros programas de desenvolvemento no ámbito da UE.
- Asesoramento técnico a promotores para a formulación axeitada dos proxectos.
- Asistencia a xornadas, seminarios ou congresos necesarios para o desenvolvemento do programa en relación coa súa tarefa de traballo.
- Colaboración na elaboración de documentación de análise dos proxectos Leader.

- Calquera outra función encomendada polo Presidente ou a Xunta Directiva da Asociación UTM23, en relación aos programas de desenvolvemento (Leader e complementarios).

Requisitos mínimos:

- Ser español/a ou natural dun Estado membro da Unión Europea ou dalgún estado no que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores
- Ter cumpridos 18 anos e non acadar a idade de xubilación.
- Titulación requirida: Titulado Superior Universitario
- Non desempeñar cargos electos na Asociación UTM23.
- Estar en posesión do permiso de conducir B e dispor de vehículo propio para realizar desprazamentos.
- Coñecemento acreditado da lingua galega mediante o curso de perfeccionamento ou estar en posesión dos títulos de Bacharelato e COU sen estar exento da materia de lingua galega nun centro da Comunidade Autónoma Galega, ou o CELGA 4
- Non padecer enfermidade ou secuela física que lle impida desempeñar as correspondentes funcións.

BASE 3: PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA

A oferta de contratación dos postos de traballo divulgarase polos seguintes medios:

- a) A oferta de contratación será exposta ao público nos taboleiros municipais de edictos dos Concellos adheridos: BOIMORTO, CURTIS, PINO (O), SANTISO, SOBRADO, TOURO.
- b) Publicación no taboleiro de Anuncios municipais dos concellos adheridos, isto é BOIMORTO, CURTIS, PINO O, SANTISO, SOBRADO, TOURO.
- c) Publicación na páxina web de AGADER (<http://agader.xunta.es>)
- d) Publicación do anuncio de oferta nun xornal de tirada rexional

As Bases da Convocatoria poderán recollerse:

- Na sede do Grupo de desenvolvemento rural “UTM23”, Rúa Pastoriza nº 5 Arzúa (en horario de 10:00 a 14:00, de luns a venres)
- Nos Concellos de: BOIMORTO, CURTIS, PINO (O), SANTISO, SOBRADO, TOURO

Poderán así mesmo, descargarse da páxina web de AGADER (<http://agader.xunta.es>)

En todos os lugares onde se publique a oferta ou anuncio de contratación farase constar onde poderán recollerse as bases da convocatoria.

BASE 4: PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

Documentación que teñen que presentar os candidatos:

- a) Instancia ou solicitude para participar na convocatoria segundo o Anexo I destas Bases. A aceptación das bases, solicitando ser admitidos/as a tomar parte no proceso de selección, manifestando que coñecen as bases, que se someten ás mesmas, e que reúnen os requisitos esixidos na Base 2, estará dirixida á Comisión de Selección do Grupo de desenvolvemento rural UTM23.
- b) ANEXO II Modelo de declaración de non incompatibilidade co cargo.
- c) ANEXO III Modelo de declaración e compromiso de dispoñibilidade.
- d) Fotocopia do DNI.
- e) Currículo vitae .
- f) Copia do documento oficial acreditativo de estar en posesión da titulación requirida para o posto.
- g) Copia de toda aquela documentación que acredite todos os coñecementos, méritos e a experiencia profesional que quiera alegarse para a fase de valoración de méritos.

**** Notas aclaratorias:**

- No caso de que unha persoa quixera presentarse aos dous postos, por estar en posesión dos méritos necesarios como para poder concorrer a ambos os dous, deberá presentar dúas instancias, unha para cada posto. En tal caso, de ser seleccionado para os dous postos, o/o candidato/a deberá obrigatoriamente optar por un deles.
- No que fai á acreditación da experiencia profesional, admitirase como documentación acreditativa tanto un informe de vida laboral como certificado de empresa/entidade, no que se mencione expresamente o período de permanencia na mesma e as funcións realizadas.
- En relación aos idiomas, puntuarán só os certificados oficiais e as estancias laborais ou de voluntariado acreditado por empresas ou entidades.

Presentación de Solicitudes:

As solicitudes dirixidas ao Grupo de desenvolvemento rural “UTM23”, no lugar designado, Rúa Pastoriza nº 5 Arzúa C.P 15810 Provincia de A Coruña(en horario de 10:00 a 14:00, de luns a venres).

Tamén poderán presentarse a través de envío por correo postal certificado e con xustificante de recepción dirixido á atención da Comisión de Selección do Grupo de desenvolvemento rural UTM23, Rúa Pastoriza nº 5 C.P.15810 Arzúa (A Coruña), identificando o posto ao que se opta “Xerente” ou “Técnico”.

En caso de envío por correo postal, o aspirante, deberá xustificar a súa remisión enviando notificación (que conterá polo menos a instancia, DNI, copia da acreditación da titulación requirida para o posto, curriculum e anexos II e III; é dicir, documentación sinalada coas letras a), b), c), d), e) e f)) por fax ao número 981500197 Grupo de desenvolvemento rural UTM23 antes das 24 horas do último día en que finaliza o prazo de presentación.

Presentada ou recibida a solicitude, cuñaranlle con data de rexistro de entrada.

Prazo :

O prazo para a presentación da solicitude e documentación acreditativa iniciárase ao día seguinte ao da súa publicación, e permanecerá aberto un período de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación. Transcorrido este prazo, non lle admitirá ningunha solicitude.

* Nota aclaratoria: Aos efectos da presente convocatoria os sabados non se considerarán como días hábiles.

BASE 5: ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

Transcorrido o prazo de admisión das solicitudes, a selección dos candidatos será realizada pola Comisión de Selección, composta segundo o que se establece na base 7 desta convocatoria, entre os candidatos que reunindo os requisitos mínimos esixidos, presenten a súa solicitude en tempo e forma.

Procederáse á comprobación da documentación presentada e, á elaboración dunha liste provisional de aspirantes na que se indicará tamén a relación das persoas excluídas e a causa da súa exclusión.

Esta lista exporase no taboleiro de anuncios da sede do Grupo de desenvolvemento rural UTM23, así como en cada un dos Concellos adheridos, ésto é, nos taboleiros de Anuncios dos Ayuntamentos de BOIMORTO, CURTIS, PINO (O), SANTISO, SOBRADO, TOURO. Tamén se publicarán na páxina web de AGADER.

Dado o prazo necesario para a comprobación da documentación, a Lista Provisional de Aspirantes, publicarase transcorridos 5 días naturais desde a data de finalización do prazo para a presentación de solicitudes.

Disporase dun prazo de tres días naturais desde a o día seguinte ao da publicación da lista provisional, para a presentación de alegacións à mesma, que serán resoltas coa publicación da lista definitiva de aspirantes.

De non existir excluídos na lista provisional, que é o que xustifica o prazo para a presentación de alegacións, este omitirase elevándose dita lista a definitiva.

Transcorrido o no seu caso o devandito prazo, procederáse à publicación da Lista Definitiva coa relación dos aspirantes admitidos, asinada polo Presidente e o Secretario da Comisión de Selección que estará exposta, para os efectos de publicidade:

- No taboleiro de anuncios da sede do Grupo de desenvolvemento rural UTM23
- Nos taboleiros de Anuncios dos Concellos de BOIMORTO, CURTIS, PINO (O), SANTISO, SOBRADO, TOURO
- Nas páxina web de AGADER.

Coa publicación da Lista Definitiva, indicárase tamén a data e lugar de realización da proba escrita, que non será antes de transcorridas 72 horas desde a súa publicación.

BASE 6: PROCESO DE SELECCIÓN

PROCESO DE SELECCIÓN E CRITERIOS DE VALORACIÓN

O proceso de selección constará de tres fases:

Fase I. Proba escrita de coñecementos sobre o temario, e caso práctico (ata 50% da puntuación máxima do proceso)

Fase II.	Entrevista Persoal (ata 25% da puntuación máxima do proceso)
Fase III.	Baremación de méritos curriculares (ata 25% da puntuación máxima do proceso)

PRIMEIRA FASE: Proba escrita.

Unha vez publicada a Lista Definitiva de aspirantes, a Comisión de Selección convocará aos candidatos seleccionados a realizar unha proba escrita eliminatoria sobre as materias do temario que figura como guía no Anexo IV.

A proba escrita desta segunda fase se valorará cun máximo de 200 puntos e terá un límite do 50% da puntuación máxima do proceso selectivo.

Esta primeira fase consistirá na realización de dúas probas, unha teórica e outra práctica.

A. PROBA ESCRITA TEÓRICA

O/as candidatos/as admitido/as realizarán unha proba escrita teórica que versará sobre materias de Desenvolvemento rural e o PDR de Galicia 2007/2013, legislación comunitaria sobre fondos estruturais, normativa de subvencións do territorio de actuación do GDR e que se valorará cun máximo de 80 puntos. Para isto establécese como guía o Temario recollido no Anexo IV destas bases.

A proba escrita será elaborada pola Comisión de Selección, e constará de 50 preguntas curtas tipo test, con tres respostas posibles das que só unha será válida.

Por cada pregunta contestada correctamente, concederáse un punto, e cada dúas respostas incorrectas restarase un punto

A proba tipo test constará de 50 preguntas, distribuídas en dous bloques:

- 40 preguntas que serán comúns para o posto de xerente e para o posto de técnico
- 10 preguntas que serán de especialización para cada un dos postos (Xerente e Técnico de proxectos).

A tal efecto, facilitarase aos candidatos/as en primer lugar, as follas do test común de 40 preguntas e posteriormente distribuiranse as follas do test con 10 preguntas segundo a especialidade do posto ao que se presente o candidato/a.

A duración do test para a primeira parte común, será de cuarenta e cinco minutos (45 minutos). A continuación, repartiranse os test coas preguntas das especialidades para cada posto ofertado, os candidatos disporán de 15 minutos para responder esta parte da proba.

* Nota aclaratoria:

No caso de que unha persoa quixese presentarse aos dous postos ofertados, disporá de 15 minutos adicionais para realizar o test da segunda especialidade.

Na proba teórica estarán presentes polo menos tres membros da Comisión de Selección, que realizarán as funcións de velar polo cumprimento de contido nestas bases. Na corrección desta proba, estarán presentes por menos catro dos membros de dita Comisión.

B. - PROBA ESCRITA PRACTICA

Esta proba consistirá na resolución dun caso práctico “da idea ao proxecto de desenvolvemento”; de análise de elexibilidade ou de tramitación de expedientes Leader, segundo o posto ao que el candidato se presente, e valorarase cun máximo de 120 puntos.

O suposto practico será diferente para os postos de xerente e técnico, aínda cando algún dos contidos puidese resultar coincidentes.

A duración desta proba será de noventa minutos (90 minutos)

* Nota aclaratoria:

No caso de que unha persoa quixese presentarse aos dous postos ofertados, disporá de 90 minutos adicionais para realizar o caso práctico correspondente a outra especialidade.

Na proba práctica estarán presentes polo menos tres membros da Comisión de Selección, que realizarán as funcións de velar polo cumprimento de contido nestas bases. Na corrección das probas, estarán presentes por menos catro dos membros da antedita Comisión.

CRITERIOS E PUBLICACIÓN DOS RESULTADOS DA PROBA ESCRITA

A proba escrita será eliminatoria, sendo preciso para superala acadar en total un mínimo de 125 puntos, sempre e cando polo menos dous candidatos obtivesen esa puntuación mínima.

De non chegar polo menos dous aspirantes por posto a esta puntuación, pasarán á seguinte fase as dous (2) persoas que obtivesen maior puntuación en cada posto. No caso de que algún dos aspirantes seleccionados por este procedemento, presentase a súa candidatura para os dous postos, e estivese seleccionado dentro do grupo de tres persoas con maior puntuación para os dous postos, engadirase unha persoa máis ás seleccionadas, sendo esta a seguinte con máis puntuación na orde de puntuacións obtidas (é dicir, neste caso seleccionaranse 4 candidato/as).

De non haber suficiente número de candidato/as para a selección de tres, ou se é o caso, catro candidato/as por posto, realizarase igualmente a selección por maior número de puntuación obtida.

Naqueles casos nos que o candidato presentase a súa solicitude para ambos os dous postos, para os efectos de cómputo, as probas realizadas contarán como dúas notas diferentes, en función de cada posto para o que presentase a súa solicitude, sumando a nota obtida na parte común, a puntuación obtida en cada unha das especialidades, derivando así dúas notas, unha para cada posto.

Unha vez corrixidas as probas, publicaranse as puntuacións obtidas polos participantes:

- No taboleiro de anuncios da sede do Grupo de desenvolvemento rural UTM23,
- Nos aboleiros de Anuncios dos Concellos de BOIMORTO, CURTIS, PINO (O), SANTISO, SOBRADO, TOURO.
- Na páxina web de AGADER.

Los participantes disporán de un prazo maximo de cinco días naturais a partir do día seguinte o da publicación das puntuacións para efectuar no seu caso, as alegacións pertinentes.

As alegacións presentaranse na sede do Grupo de desenvolvemento rural UTM23, Rúa Pastoriza nº 5 C.P.15810 Arzúa (A Coruña).

Finalizado o antedito prazo, se publicará, polos medios sinalados anteriormente, a lista definitiva dos que superaron a proba coas puntuacións, así como a data de inicio da seguinte fase. Publicaranse igualmente as persoas citadas para a primeira entrevista, así como o calendario de días previstos para as consecutivas entrevistas e persoas convocadas para cada día.

SEGUNDA FASE: Entrevista persoal.

Unha vez superada a primeira fase eliminatoria, terán lugar as entrevistas persoais que versarán sobre o curriculum vitae, as aptitudes relacionadas co posto a desempeñar, e a capacidade profesional dos candidatos naquelas materias sobre as que prestarán os seus servizos, podendo realizar así mesmo, preguntas de tipo técnico ou práctico para a selección do candidato que máis se axuste ás características definidas na convocatoria.

Valorarase especialmente a facilidade de comunicación e a capacidade de traballo en equipo, o coñecemento do territorio; así como o coñecemento específico dos programas de desenvolvemento rural financiado con cargo aos fondos europeos, idiomas, e outros coñecementos aplicables ao traballo a desempeñar.

Finalizada a fase de entrevista persoal, para cada un dos postos ofertados, a Comisión de Selección publicará a lista coas puntuacións obtidas:

- No taboleiro de anuncios da sede do Grupo de desenvolvemento rural UTM23,
- Nos aboleiros de Anuncios dos Concellos de BOIMORTO, CURTIS, PINO (O), SANTISO, SOBRADO, TOURO.
- Na páxina web de AGADER.

Los participantes disporán de un prazo máximo de cinco días naturais a partir do día seguinte a data desta publicación para efectuar no seu caso, as alegacións pertinentes.

As alegacións presentaranse na sede do Grupo de desenvolvemento rural UTM23, Rúa Pastoriza nº 5 C.P.15810 Arzúa (A Coruña).

Finalizado o antedito prazo, se publicará, polos medios sinalados anteriormente, a lista definitiva.

TERCEIRA FASE: Valoración de méritos

Nesta fase final, a Comisión de Selección valorará os curricula vitae achegados polos aspirantes a cada un dos postos ofertados, sobre a base dos méritos que sexan debidamente acreditados e que permitan baremar a adecuación profesional dos candidatos a cada un dos postos de traballo desta convocatoria.

A omisión ou non presentación do currículum vitae, ou de documentación acreditativa de calquera mérito que quiera alegarse, eliminará o mesmo da súa correspondente valoración.

A valoración de méritos en relación á experiencia e á formación específica vinculada a programas de desenvolvemento rural, valorarase cun total de ata 100 puntos e terá un límite do 25% da puntuación máxima do proceso selectivo.

Se valorará especialmente a experiencia e o coñecemento específico dos programas de desenvolvemento rural financiado con cargo aos fondos europeos, idiomas, e outros coñecementos (turismo, informática...) aplicables ao traballo a desempeñar.

A valoración inicial dos candidatos realizarase atendendo aos méritos acreditados por cada un deles, e atendendo ao baremo de méritos seguintes:

a) Titulación Universitaria preferente: Licenciado/a en Economía, Ciencias Empresariais, Dirección e Administración de Empresas (ADE), Derecho, 10 puntos.

b) Experiencia en xestión de programas de desenvolvemento local, e funcións similares ás descritas para o posto de traballo ao que opta o candidato, 1 punto por mes de experiencia ata un máximo de 40 puntos.

A devandita experiencia acreditarase mediante certificado de vida laboral emitida pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social e, ademais, certificado de empresa ou contratos de traballo onde lle indique a categoría desempeñada.

c) Experiencia en traballo transnacional ou participación no desenvolvemento e implementación de programas de fondos europeos: 2 puntos por proxecto acreditado ata un máximo de 10 puntos.

c) Formación: só se valorará a formación de interese para cada un dos postos de traballo que se convocan e que estean debidamente acreditadas. Cursos, congresos ou seminarios de duración superior ou igual a 20 horas en materia de desenvolvemento local, xestión de fondos europeos, turismo, contabilidade, informática puntuándose 0,10 puntos/hora ata un máximo de 35 puntos.

d) Coñecementos doutros idiomas:

- Certificados acreditativos oficiais de coñecemento de idiomas: 1 punto máximo por certificado, hasta un máximo de 5 puntos.

Transcorrido o prazo de oito días naturais, para o estudo e comprobación dos currícula vitae e a aplicación dos baremos aos méritos acreditados, a Comisión de Selección publicará a lista coas puntuacións desta fase do proceso e a lista coas puntuación definitivas obtidas por cada un dos candidatos

- No taboleiro de anuncios da sede do Grupo de desenvolvemento rural UTM23,
- Nos aboleiros de Anuncios dos Concellos de BOIMORTO, CURTIS, PINO (O), SANTISO, SOBRADO, TOURO.
- Na páxina web de AGADER.

Os participantes disporán de un prazo maximo de cinco días naturais a partir do día seguinte a data desta publicación para efectuar no seu caso, as alegacións pertinentes. Finalizado o antedito prazo, se publicará, polos medios sinalados anteriormente, a lista definitiva, e o acordo de proposta de contratación do candidato seleccionado para cada un dos postos.

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha lista de reserva, ordenada segundo a puntuación obtida, de xeito que, se o GDR o precisara, puideran ser contratadas sen ter que realizar un novo proceso de selección.

BASE 7: COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de Selección para este proceso de contratación do equipo de persoal do Grupo de Desenvolvemento Rural UTM23 constitúese da seguinte maneira:

1) PRESIDENTE DA COMISIÓN DE SELECCIÓN:

M^a Carmen Furelos Gaiteiro. Presidenta de UTM 23 .

Designase como suplente:

M^a Angeles Vázquez Mejuto, membro de la Junta Directiva de UTM 23.

2) SECRETARIO/A:

Pablo Costoya Varela. Secretario/a do Grupo de desenvolvemento rural UTM23

Designase como suplente:

Ignacio Codesido Barreiro, miembro de la Junta Directiva de UTM 23.

3) VOGAL:

Ovidio Leiva Pereiro - Vicepresidente de UTM23 .

Designase como suplente:

Manuel Taboada Vigo - Vicepresidente 2º de UTM23

4)VOGAL:

Adriana Hermida Otero - Gerente GDR Portodemouros, socio UTM 23

Designase como suplente

Esteban Ramos Seoane. Miembro Junta Directiva UTM 23.

5) VOGAL:

Begoña Riveira Barros miembro UTM 23

Designase como suplente:

Eugenio Montero Valín, miembro de la Junta Directiva UTM 23.

6) VOGAL

Un representante designado por AGADER con voz pero sen voto no proceso.

No caso de que a persoa designada non puidera asistir ás reunións, AGADER obrígase a designar un suplente.

A Comisión poderá invitar a participar nas diversas fases do proceso de selección especialista ou expertos na materia, que estarán presentes aos fin exclusivos de asesorar no proceso, en función da súa especialidade.

A Comisión de Selección estará presente en todas as fases do proceso de selección, quedando validamente constituído a todos os efectos, desde que estean presentes a metade máis un dos seus membros.

O secretario da Comisión erguerá acta en cada unha das fases do proceso, que asinará co visto e prace do Presidente, coa finalidade de ter unha constancia escrita das mesmas.

A Comisión actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultada para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación. Tamén decidirá sobre como proceder nos casos non previstos nas presentes bases.

BASE 8: CONTRATACIÓN

As persoas seleccionadas para cada un dos postos vacantes serán contratadas polo Grupo de desenvolvemento rural UTM23. A devandita contratación producirase nun prazo máximo dun mes desde que se resolva o proceso de selección.

A modalidade de contratación será un contrato por obra ou servizo determinado a tempo completo, e estarán sometidos ao Convenio Colectivo marco estatal de Acción e Intervención Social.

A xornada laboral das persoas contratadas será de 40 horas semanais, distribuídas no horario de traballo que establecerá a Xunta Directiva da Asociación UTM23.

Centro de Traballo: a designada polos membros da Xunta directiva de UTM23. A tal efecto, os candidatos comprométense a aceptar as bases e desde a presentación da solicitude para participar no proceso de selección, a ter dispoñibilidade para traballar en calquera dos locais (conforme Anexo II).

BASE 9: ALEGACIÓNS, IMPUGNACIÓNS E INCIDENCIAS

A convocatoria, as súas bases e as fases do proceso de selección, poderán ser impugnadas polos interesados presentando recurso ou alegacións á Comisión de Selección do Grupo de desenvolvemento rural UTM23. Os devanditos escritos presentaranse na sede do Grupo de desenvolvemento rural “UTM23”, Rúa Pastoriza nº 5 Arzúa (en horario de 10:00 a 14:00, de luns a venres)

Tamén poderán ser presentadas a través do seu envío por correo postal certificado e con xustificante de recepción dirixido á atención da Comisión de Selección do Grupo de desenvolvemento rural UTM23, Rúa Pastoriza nº 5 C.P.15810 Arzúa (A Coruña), e identificando ALEGACIÓNS ao Proceso de Selección.

No caso de que algún candidato quisiera impugnar algunha das fases do proceso, poderá presentar as correspondentes alegacións ante a Comisión de Selección nos prazos establecidos en cada unha das fases, debendo resolver a Comisión no prazo de tres días naturais.

En caso, de que revisada a impugnación o candidato supere a fase impugnada, incluírase na lista de persoas seleccionadas; o que será publicado a todos os efectos polos mesmos medios nos que se publican as listas.

Se quisiera impugnarse todo o proceso, o prazo será de 3 días naturais desde a publicación do anuncio da convocatoria e oferta de contratación.

A Comisión de Selección queda facultada para resolver cantas incidencias preséntense no transcurso do proceso de selección e ata a proposta de contratación, así como de resolver o conveniente para o bo orde do proceso selectivo.

A Comisión de Selección resolverá os recursos ou alegacións presentadas. Se o interesado estivese en desacordo coa resolución da Comisión, poderá no seu caso presentar as pertinentes alegacións ante AGADER.

En Arzúa, a 23 de febreiro de 2010

Mª Carmen Furelos Gaitero

Presidenta GDR UTM 23
Ulla- Tambre –Mandeo

ANEXOS

ANEXO I

Modelo “INSTANCIA SOLICITUDE”

D/D.^a _____, con Documento Nacional de
Identidade número _____ e domicilio en _____, CP _____,
C/ _____, nº _____ Tel. Fijo _____
móbil _____.

EXPÓN:

1º Que tivo coñecemento mediante o anuncio publicado en _____, de
data _____, da convocatoria realizada polo Grupo de desenvolvemento
rural UTM23 para a contratación de persoal (posto de traballo de _____)
para o desenvolvemento e execución do Programa LEADER 2007-2013, e está interesado en
participar no devandito proceso de selección.

2º Que coñece e acepta as Bases do proceso de Selección para a contratación de persoal para a
execución do Programa LEADER polo Grupo de desenvolvemento rural UTM23.

3º Que reúne os requisitos mínimos establecidos na convocatoria, en concreto, na Base 2.

4º Que anexo á presente instancia a documentación que se indica na folia anexa.

SOLICITA

Que se teña por presentada a presente instancia canda os documentos que acompaña e
admitase ao obxecto de participar nas probas de selección convocada para cubrir a praza de
_____.

Sinatura do solicitante:

ANEXO Á INSTANCIA DE SOLICITUDE

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA:

- ☐ Copia simple de DNI
- ☐ Copia simple de permiso conducir B1
- ☐ Copia simple da titulación requirida
- ☐ Currículo onde o aspirante relacione os seus méritos
- ☐ Copia simple dos xustificantes dos méritos alegados
- ☐ Copia simple do informe de vida laboral
- ☐ Contrato/s de Traballo
- ☐ Certificado/s de empresa
- ☐ Certificado acreditativo de estancias no estranxeiro
- ☐ Certificado oficial acreditativo do coñecemento de lingua galega
- ☐ Copia Simple de título/s acreditativos do coñecemento de idiomas
- ☐ Declaración de non estar incurso en causas de incompatibilidade e de non desempeñar cargos electos no Grupo de desenvolvemento rural UTM23 (modelo Anexo II).
- ☐ Declaración expresa de dispoñibilidade (modelo Anexo III)
- ☐ Declaración de non padecer enfermidade ou secuela física que impida o desempeño das súas función
- ☐ Outros

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

** A efectos comprobatorios, poderá requirirse a documentación orixinal para a súa compulsa antes da contratación.

** Non lle valorarán os méritos non acreditados convenientemente.

** Os aspirantes con algunha capacidade diminuída terán que indicalo na solicitude. Así mesmo, deberán solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

ANEXO II

DECLARACIÓN DE NON ESTAR AFECTADO POR INCOMPATIBILIDADE

Apelidos

Nome

NIF/NIE

O embaixo asinante, aos efectos previstos na Convocatoria e Bases do proceso de Selección para a contratación de persoal polo Grupo de desenvolvemento rural UTM23 para a execución do Programa LEADER 2007-2013, declara que non está desempeñando ningún posto ou actividade no Sector Público, nin realiza actividades privadas incompatibles ou que requiran coñecemento de compatibilidade co posto ao que opta ao participar neste proceso, nin percibe pensión por dereitos pasivos ou por calquera réxime da Seguridade Social (público e obrigatorio).

Así mesmo, declara baixo a súa responsabilidade que non desempeña cargo algún nos órganos de decisión do Grupo de desenvolvemento rural UTM23.

En , a de de 2010

ANEXO III

Modelo “DISPOÑIBILIDADE”

D/D.^a _____, con Documento Nacional de
Identidade número _____ e domicilio en _____, CP _____,
C/ _____, nº _____ Tel. _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

1. Que presenta total dispoñibilidade para desempeñar o seu traballo na sede que dispón o Grupo de desenvolvemento rural UTM23 en Rúa Pastoriza 3 - 15810 Arzúa

2. Que dispón de vehículo propio e que presenta dispoñibilidade para desprazarse polo territorio de actuación da Asociación, a fin de velar polo óptimo desenvolvemento e execución do proxecto Leader 2007-2013 do Grupo GDR-25.

O que declara aos efectos da súa solicitude de participación no proceso de selección do posto de _____ para a execución do Proxecto Leader 2007-2013 dá Grupo de desenvolvemento rural UTM23

en _____, a _____ de _____ de 2010.

Sinatura do solicitante:

ANEXO IV

TEMARIOS PARA AS PROBAS DE SELECCIÓN

GDR-25 LEADER 2007-2013

1.- XERENTE/A

1. O Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia (2007-2013): LEADER
2. A metodoloxía LEADER: Principios, Obxectivos, ferramentas
3. O Regulamento do FEADER
4. Outros programas e iniciativas da Unión Europea de desenvolvemento: LIFE, EQUAL, INTERREG
5. O ámbito territorial do GDR-25: historia, poboación, estrutura socio económica, patrimonio
6. Outros programas para a posta en valor do territorio e programas de subvencións aplicables a iniciativas para implementar no territorio.
7. A lei 9/2007 de subvencións de Galicia

2.- TÉCNICO/A

1. O Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia (2007-2013): LEADER
2. A metodoloxía LEADER: Principios, Obxectivos, ferramentas
3. O Regulamento do FEADER
4. O ámbito territorial do GDR-25: historia, poboación, estrutura socio económica, patrimonio
5. Análise de viabilidade de proxectos
6. A lei 9/2007 de subvencións de Galicia